



Solicitud comedores escolares 2023/24

Deberá presentarse o **Anexo II**: Modelo de autodeclaración e especificacións.

INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR CORRECTAMENTE O ANEXO II MODELO DE AUTODECLARACIÓN:

A renda neta per cápita familiar obtense como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á **declaración da renda do exercicio 2022**:

1. Sumarase a base impositiva xeral coa base impositiva do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a **renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF**:

casíña 435 + casíña 460 – casíña 595

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Quen forma parte da unidade familiar

1. No caso de matrimonio, a unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

2. En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal, a unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

1. Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

2. Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casíñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte para o outro integrante da unidade familiar que non presentou declaración do IRPF, segundo os seus datos fiscais que deberá para realizar o cálculo dos seus ingresos, sumar os importes das casíñas correspondentes a (retribucións dinerarias) e (intereses) e restar os importes das casíñas correspondentes a (cotizacións seguridade social), (retencións procedentes do traballo) e (retencións procedentes do capital mobiliario).

3. Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan a obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación do IRPF. Nestes supostos, os interesados deberán consignar os seus datos fiscais do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior para os membros que non presentase declaración do IRPF.